



CRITERIOS PARA A FORMACIÓN DO ORZAMENTO 2024

Orzamento: 2024

Asunto: Directrices para a formación do Orzamento

Data de creación do expediente: 26 de xuño de 2023

Resolución de inicio: 27/06/2023

Dirixido a: Director Superior Contable e Orzamentario.

Por Resolución da Alcaldía-Presidencia de 27/06/2023 que reflicte a sinatura electrónica, en virtude do Decreto da delegación de competencias de 20 de xuño de 2023 publicado no BOPPO nº 123 de 27 de xuño, ao obxecto de dar cumprimento ao disposto no 168 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, iníciase o proceso de formación dos Orzamentos xerais para o ano 2024, coas directrices que debe conter o proxecto.

Estas directrices, ademais de ter a súa aplicación á formación do Proxecto do Orzamento do ano 2024, tamén serán as que se teñan en conta para formar as liñas fundamentais do orzamento que serán as que se remitirán ao Ministerio de Hacienda e Función Pública en cumprimento do previsto no artigo 15.1 da Orde 2105/2012, de 1 de outubro, conformando un marco xeral de formación do Orzamento Municipal do ano 2024.

Consideracións xerais

O Orzamento debe ter en conta os obxectivos das regras fiscais de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e o límite de débeda.

O artigo 15 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira relativo ao Establecemento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, regra de gasto e débeda pública para o conxunto de Administracións Públicas, sinala no seu apartado primeiro que corresponde ao Goberno da Nación a fixar os obxectivos de estabilidade orzamentaria, taxa de referencia de crecemento do produto interior bruto de medio prazo (TRCPIB) e débeda pública referidos a o tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto de Administracións Públicas como para cada un dos seus subsectores.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 1 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Así mesmo, o apartado segundo establece que para a fixación do obxectivo de estabilidade orzamentaria terase en conta a regra de gasto reflectida no artigo 12 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e sostenibilidade financeira, a cal será a referencia a ter en conta pola Administración Central e cada unha das Comunidades Autónomas e Corporacións Locais na elaboración dos seus orzamentos.

A data na que se están formando ás directrices, non hai acordo algún sobre os límites da evolución do gasto non financeiro para o ano 2024 nin sobre o obxectivo de superávit ou déficit, aínda que no cumprimento de este obxectivo, hai que estar ao previsto no artigo 11 da LOEPSF e artigo 135 da Constitución Española, polo que, as Entidades Locais deberán presentar equilibrio Orzamentario na elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos.

As directrices non conteñen ningunha referencia á aplicación das regras fiscais para o ano 2024. En todo caso, si no proceso de formación do expediente fosen aprobadas os obxectivos sobre as regras fiscais para o ano 2024 (Estabilidade orzamentaria, Regra de Gasto e Endebemento), o Orzamento que se tramite quedará sometido ás mesmas.

DO ESTADO DE GASTOS

CAPÍTULO 1 (Gastos de Persoal).

O pacto, rubricado nun acto público na sede da Secretaría de Estado de Función Pública pola ministra de Facenda e Función Pública, o responsable de Área Pública de CCOO e o secretario xeral de UXT-Servizos Públicos, inclúe entre outros o compromiso de revisión salarial das retribucións dos empregados públicos.

Para o ano 2024, a subida será do 2% sobre a base das retribucións xa incrementadas o ano 2023. A esta pode engadirse outro 0,5% adicional no caso de que o IPC entre 2022 e 2024 fose superior ás alzas acumuladas nese período. Tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2024 si a Lei de Orzamentos Xerais fose aprobada e publicada dentro do ano 2023 e tivese previsto a actualización salarial.

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisará ao 2,5%, coas excepcións das aplicacións que se relacionarán neste informe.

Faranse as previsións sobre os custes do ano 2023, os cálculos faranse coa última versión de GINPIX sobre a que se aplicará a variación do 2,5%, pódese referir ao mes de xuño ou xullo.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 2 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2024, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.

Se a Lei de Orzamentos Xerais do Estado mantén os acordos adoptados, as retribucións a partires do mes de xaneiro do ano 2024, terán un incremento do 2%, sen prexuízo que con posterioridade, si se cumpren os requisitos acordados relativos á evolución do Índice de Prezos ao Consumo (IPC), teñan unha revisión adicional dende o mes de xaneiro do 0,5% sobre a base do ano 2023.

En canto á revisión das bases de cotización da Seguridade Social a cargo do empregador, a revisión será do 2%.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 120, 121, 130, agás a 1320.1210098, 1320.1210099, 9200.1210300, 143 e aos axustes nas bases de cotización da SS.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2024. A súa vez, esta aplicación manterá como máximo a dotación inicial contida no Orzamento inicial do ano 2023, que será reducida si se dotan as prazas relativas ao Plan de Estabilización e basicamente, se reduce a porcentaxe deste tipo de contratos.

A dotación que reflecta o capítulo ten que posibilitar facer fronte aos gastos totais da plantilla vixente, que inclúe ao persoal funcionario de carreira, interino, persoal laboral fixo, indefinido, laboral temporal, Concelleiros con dedicación exclusiva e parcial así como o persoal eventual.

Estarán dotadas as prazas ao marxe de que estean incluídas ou non en algunha Oferta de Emprego Público.

Tendo en conta o perímetro de consolidación, as directrices de formación serán de aplicación ao Concello, ao Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundación Convention Bureau e á Fundación MARCO.

O límite deste capítulo será o previsto para o ano 2023 coa actualización do 2,5% nos conceptos que se reflecten coas limitacións de aquelas aplicacións que non quedan sometidas á actualización, como se indicou, solo son actualizables as seguintes: 120 e 121, 130 coas excepcións sinaladas ao 2,5% e a 160 coa actualización do 2%.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 3 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Este capítulo terá incorporadas todas as modificación producidas no transcurso do ano 2023.

Ademais, unha vez formada a contía, axustada cos acordos adoptados en relación coas variacións funcionais, non será obxecto de novos axustes até a entrada en vigor do Orzamento no ano 2024.

A Área de Recursos Humanos e Formación, terá en conta na formación dos custes do capítulo 1, as directrices asinadas por esta Concellaría e remitidas para a avaliación das previsións do ano 2024.

CAPÍTULO 2 (Gastos en bens correntes e servizos).

Neste capítulo prodúcese unha variación á alza como consecuencia da anualidade do contrato de xestión integral e valorización dos residuos sólidos urbanos, o impacto orzamentario vai a repercutir na totalidade do ano.

A revisión do custe de tratamento de residuos sólidos urbanos con tratamento en SOGAMA pola aplicación do previsto no artigo 93 da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular.

A posible compensación do servizo do TUC.

O mantemento de xardíns e parques infantís ten o incremento que suporá a entrada en vigor do mantemento de novas zonas como a Gran Vía, o novo espazo Vialia, etc, a estimación de gasto que se prevé incrementar polos axustes de anualidade e pola entrada de novas zonas de mantemento, deberase prever un custe adicional tanto no lote I como no lote II.

O novo contrato do SAF con maior nº de horas de prestación a un custe de hora superior con causa na evolución salarial pola variación á alza do IPC.

Novo servizo na caneira municipal.

Contrato de apertura e peche dos colexios públicos.

Ampliación do servizo de mantemento da infraestrutura mecánica nas rúas, servizo de mantemento de viarios, rede semaforica, servizo do 010, limpeza de colexios e edificios municipais, servizo integral de comunicacións.

Cobertura de Responsabilidade Civil.

Servizo de instalación e mantemento do alumeadado de Nadal.

Novas licitación dos contratos de Escolas infantís, contrato de entidade xestora de recadación, contrato da evolución tecnolóxica de SICAP a GEMA, así como os axustes en aquelas prestacións que están suxeitas á variación de algún índice (PIB, Convenios laborais, etc). A súa dotación, deberá incluír a totalidade dos contratos vixentes así como os que están en tramite, tendo en



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 4 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



conta as revisións de prezos previstas na Lei do contrato.

En relación coa prórroga do contrato para subministro eléctrico, haberá que estar aos novos prezos do gas, cuantificación que remite a Área de Fomento.

O incremento esperado desde capítulo é importante, aínda que a maior parte do incremento está relacionada coa Lei de Residuos, cos novos servizos da caneira municipal e apertura e peche dos colexios públicos, coa compensación do servizo do TUC, coa prestación do servizo de SAF. É de esperar que o incremento estea no entorno do 5% en relación coa dotación do ano anterior.

Hai que ter en conta que a variación que se está a fixar en relación ao ano 2023, é sobre os créditos iniciais, non sobre a liquidación prevista.

Así mesmo, o conxunto dos empregos non financeiros deberá estar dentro das posibilidades/estimacións do que se acorde en relación coa Taxa de Referencia de crecemento do Produto Interior Bruto da Economía Española a medio prazo (TRCPIB). Para o ano 2024, non hai cuantificación destas variables.

Está previsto a incorporación de novos servizos, como é servizo directo na caneira municipal e o de apertura e peche das colexios de primaria, polo que, a variación cuantitativa está relacionada basicamente con servizo SAF, que a súa vez tamén aumenta significativamente os ingresos correntes, o cal non supón en termos de estabilidade a incorporación dun déficit, os demais, son axustes de anualidades ou modificados contractuais, como é o caso de xardíns, ciclo integral dos residuos, pintado de viarios, novo contrato de limpeza de instalacións deportivas, limpeza de colexios e instalacións municipais, entre outros.

CAPÍTULO 3 (Gastos financeiros).

Os gastos financeiros reflectidos neste capítulo refírense ás consignacións de pagos de intereses de demora, execución de avais e outras garantías.

Non hai que facer dotación algunha xa que o Concello non ten débeda financeira, polo que non hai devengo de xuros por préstamos.

CAPÍTULO 4 (Transferencias e Subvencións Correntes).

A base para as dotacións son as que figuran no PES e aquelas que están fora do seu ámbito.

As transferencias correntes comprenden os créditos por achegas do Concello sen contraprestación dos axentes receptores e con destino a operacións correntes, engadindo, entre outras, as transferencias de funcionamento as Fundacións, Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Mancomunidade de Municipios da Área de Vigo, Entidade Menor de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 5 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Bembrive, subvención aos usos transporte público colectivo segundo perfíles, Becas de comedor e libros, Axudas de emerxencia, Axudas para alimentos, alugueiros e carencia enerxética, axudas ao deporte, axudas a creación e fomento do emprego, axudas a colectivos culturais...

Neste capítulo están as subvencións a actividades ou estímulo concretos e noutros casos, son transferencias de funcionamento, como é caso do Organismo Autónomo Xerencia Municipal de Urbanismo, Fundacións, Mancomunidade, Entidade Menor de Bembrive. Pola súa importancia, a maior contía corresponde á subvención aos usuarios do Transporte urbano colectivo, que tendo en conta a condición de usuarios descoñecidos, o prezo de billete é único para todos os usuarios, e se subvenciona unha parte do custe a determinados colectivos por razóns de rendas e outras causas. Neste ano faise un incremento importante neste programa, xa que se espera que, tendo en conta o incremento do convenio provincial do sector do transporte de viaxeiros, que a variación da tarifa para o ano 2024 sexa relevante e o Concello terá que adoptar acordo sobre que parte da mesma vai estar financiada con cargo ao Orzamento da Entidade.

Hai variación salientables na subvención ao TUC, Marisquiño, Transferencia de funcionamento a XMU, axudas a becas de libros e comedor

Hai previsións de incrementos neste capítulo en $\pm 10\%$ en relación co ano 2023, sempre en termos de estados consolidados.

CAPÍTULO 5 (Fondo de Continxencia).

O Fondo de continxencia terá unha dotación de 600.000,00 euros, que será coincidente ca prevista para o ano 2023.

CAPÍTULO 6 (Investimentos reais).

Neste capítulo teñen que reflectirse os acordos asinados coa Excm. Deputación de Pontevedra, e se fose o caso, o financiamento que corresponda en relación cos fondos NextGeneration (MRR) pola anualidade do ano 2024.

Ao financiamento propio, haberá que engadir o cofinanciamento doutras administracións a proxectos de investimento concretos, o que deberá representar unha porcentaxe non inferior ao 7% dos empregos correntes non financeiros.

A Área de Fomento ten que incorporar os convenios asinados até a data con outras administracións, con especial referencia á Excm. Deputación Provincial de Pontevedra.

Asi mesmo, incorporaranse as anualidades dos gastos plurianuais dos investimentos financiados con financiamento propio que tiveron o seu inicio no ano 2023 ou anteriores.

Faranse os axustes anuais en función do prazo de execución dos proxectos e o seu estado de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 6 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

tramitación, polo que, será necesario facer os axustes de anualidades se fose caso.

En relación cos fondos NextGenerationEU, de producirse acordos concretos na fase de formación do Proxecto do Orzamento, incorporárase ao mesmo o cofinanciamento alleo e o financiamento propio.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e subvencións de capital).

As transferencias de capital unha vez feito os axustes de consolidación nos termos previstos no SEC-2010 (XMU, MARCO e CONVENTION BUREAU), a dotación será a que se corresponda coa convocatoria anual de axudas aos distintos colectivos sociais e AA.VV, as axudas a novas ou melloras de instalacións deportivas e axudas para a mellora de infraestrutura de inmobles das asociacións sen ánimo de lucro.

Tendo en conta a contía reflectida no ano 2023, a variación que se produza para o ano 2024 non terá unha repercusión importante e termos porcentuais nin cuantitativamente.

O peso orzamentario deste capítulo no conxunto do Orzamento é baixo.

CAPÍTULO 8 (Activos financeiros).

Están constituídos por anticipos de pagas ao persoal, coa súa contrapartida en gastos.

CAPÍTULO 9 (Pasivos financeiros).

Comprenden os pasivos financeiros correspondentes aos gastos por amortización de pasivos financeiros; devolución de depósitos e fianzas.

Este capítulo non está reflectir contía algunha despois da amortización total da débeda financeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 7 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



MEDIDAS DO ESTADO DE INGRESOS

As Ordenanzas fiscais vixentes e as modificacións en trámite prevén a actualización de tipos, polo que, as variacións que se produzan nos capítulos, agás do 4 e 7, serán as que teñan causa na revisión das Ordenanzas municipais e as asociadas a axustes de padróns, variacións tendenciais e axustes técnicos.

CAPÍTULO 1 (Impostos directos, IBI, IAE, IIVTNU, IVTM, Cesión IRPF).

Os impostos directos regulamentados na Orde EHA 3565/2008, son os seguintes: Imposto de Bens Inmóveis, o Imposto de Actividades Económicas, o Imposto de Vehículos de Tracción Mecánica e o Incremento do Valor dos Terreos de Natureza Urbana, reflectíndose neste capítulo a cesión por IRPF por estar este Concello no ámbito subxectivo previsto no artigo 111 do TRLRFL.

A variación que se terá en conta axustarase ao contido das Ordenanzas Fiscais, axustando os padróns as variacións tendenciais da conxuntura económica. En relación cos tipos aplicables aos Impostos directos, está prevista a variación en relación co ano anterior, ademais das que xurdan dos axustes técnicos e os legais.

O Real Decreto Lexislativo 1/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Catastro Inmobiliario, no seu artigo 4, establece que a formación e o mantemento do Catastro Inmobiliario, así como a difusión da información catastral, é de competencia exclusiva do Estado. En consecuencia as variacións que se produzan no IBI e IBICES, te causa nas novas altas ou revisións e actualizacións dos obxectos tributarios existentes.

En canto as previsións polo IBI, BICES, IAE, IVTM, IIVTNU, a Dirección de Ingresos prevé aumento, facendo os axustes de tipos e os que teñen causa na conxuntura económica.

En relación co imposto cedido polo Estado do IRPF, a súa variación estará en función da comunicación que faga o MINHAFP, que a esta data non está notificada. Vaise a facer a mesma previsión que os ingresos a conta do ano 2023 e tendo en conta a variación prevista do PIB para o ano 2024, vaise aplicar un incremento do 2%, inferior en todo caso ao crecemento previsto.

Hai que ter en conta liquidación definitiva do ano 2022, que será moi relevante e deberíase prever nos capítulos correspondentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 8 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CAPÍTULO 2 (Impostos indirectos, ICIO, Cesión IVE e Cesión II.EE).

Os ingresos resultantes dos impostos indirectos, Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, a variación do ICIO ten causa na actividade inmobiliaria.

Para a cesión do IVE e II.EE, manterase o mesmo criterio que o previsto para o IRPF, sempre tendo en conta as entregas a conta regularizadas, até que se achegue outra información cunha variación do 2%.

Hai que ter en conta liquidación definitiva do ano 2022.

CAPÍTULO 3 (Taxas, prezos públicos, ocupación de dominio público, infraccións).

Os ingresos previstos por operacións correntes procedentes de taxas, prezos públicos e outros ingresos, teñen variación en relación co ano 2023, sempre tendo en conta a variación prevista nas Ordenanzas Fiscais.

CAPÍTULO 4 (Ingresos por transferencias de financiamento, subvencións e cofinanciamento de servizos como o SAF e CEDRO).

O concepto relevante deste capítulo é o do Fondo Complementario de Financiamento.

O total de ingresos previstos no Capítulo IV por transferencias correntes, ten a súa orixe no Fondo Complementario de Financiamento (FCF) e na Participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma.

En canto aos primeiros, as previsións para o concepto de FCF, vaise a axustar aos ingresos a conta do ano 2023 máis unha previsión de crecemento do 2% tendo en conta a proxección da economía para o ano 2024, até que se teña outra información.

Hai que ter en conta liquidación definitiva do ano 2022.

A participación nos Ingresos da Comunidade Autónoma farase a previsión de acordo as entregas feitas máis a Liquidación, manténdose as contías do ano 2023.

En relación coa subvención para o Servizo de Axuda no Fogar ten en conta o aumento das horas de servizo que se van a prestar. A previsión estará en función das horas polo financiamento hora (611.000 horas de dependencia e 22.560 de libre concorrencia cun cofinanciamento de 12 euros/hora en dependencia e 2,8 euros/hora libre concorrencia).



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 9 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Para o servizo do CEDRO mantense a contía das entregas a conta até a data.

A subvención ao transporte público colectivo urbano se prevé a mesma contía ca do ano precedente cunha variación do 2%, polo tanto, tampouco será obxecto de axuste, salvo que concorra algunha modificación de tipo legal que faga necesario facer algún tipo de axuste.

Reflectirase no orzamento aquel cofinanciamento do convenio da Excma. Deputación que afecte a este capítulos, como o Marisquiño, Plan de mellora de firmes e outros.

CAPÍTULO 5 (Ingresos patrimoniais).

Os ingresos patrimoniais proveñen de rendas de inmobles e rendementos financeiros. Os ingresos correspondentes a rendementos dos excedentes de tesourería, calcularanse ao tipo que están sendo retribuídos na actualidade, tendo en conta as IPFs e a contía das mesmas.

En relación cos rendementos mobiliarios, terase en conta a explotación por alugueiros do Auditorio Mar de Vigo e Zonas Complementarias. Neste concepto terase en conta as condicións do contrato de prórroga.

Faise a previsión de acordo aos contratos vixentes. Ademais, tamén se fará a preceptiva dotación no estado de gastos. De producirse algún cambio na titularidade, producirase un menor ingreso pero tamén un menor gasto.

A variación que se produce é positiva polo axuste nos ingresos patrimoniais sobre a previsión do ano anterior.

CAPÍTULO 6 (Alleamento de Investimentos reais).

As operacións de vendas de PMS, tendo en conta que están inventariadas na XMU, corresponderá ao Organismo Autónomo o seu rexistro. En relación coa venda de bens patrimoniais que se produzan na Entidade Local, se fose o caso, rexistraranse no acto no que se produza a mesma, tramitando a preceptiva modificación orzamentaria no estado de gastos pola contía da venda.

CAPÍTULO 7 (Transferencias e Subvencións de Capital).

O Capítulo VII de Transferencias e Subvencións de Capital do Orzamento de Ingresos, deberá ter en conta os convenios vixentes.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 10 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente 80/142

Si se producise algunha resolución de axudas finalistas en relación cos fondos do MRR, procederase a súa incorporación

Se se asinasen convenios de financiamento finalista con outras administracións antes de pechar a información do ano 2024, habería que incorporalos.

CAPÍTULO 8 (Activos Financeiros).

Os activos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de anticipos de pagas a persoal, coa súa contrapartida en gastos, ambas contías son coincidentes.

CAPÍTULO 9 (Pasivos Financeiros).

Os pasivos financeiros veñen reflectidos polos ingresos provenientes de operacións de crédito concertadas pola Corporación.

Nas políticas marcadas polo goberno, non está previsto a concertación de operación de débeda no ano 2024, estando os investimento financiados na súa totalidade polo superávit orzamentario.

Calquera alteración de tipo normativo ou por razón de oportunidade que xurda até o peche do proxecto, terá que ser reflectida no mesmo.

LG/

En Vigo, á data da sinatura electrónica

O CONCELLEIRO DELEGADO DE ORZAMENTOS E FACENDA: Jaime Aneiros Pereira.

Delegación, Resolución da Alcaldía de 20 de xuño de 2023 (BOPPO nº 123 de 27 de xuño) e Xunta de Goberno Local de 22 de xuño de 2023



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 02/11/2023 12:00	Páxina 11 de 11
80-142	CSV: AEA335-47B7CH-8DB336-NX4TC4-UD92UE-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		